

A CULTURA É UN DEREITO

CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS

CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS

XXIII XORNADA:

RADIOGRAFÍA DA ESCENA MUSICAL ALTERNATIVA

ALBERTO CASTAÑO

Artista multidisciplinar, produtor audiovisual e promotor de eventos con máis de 25 anos de traxectoria no ámbito creativo e cultural.

Enxeñeiro de son, co fundador do estudo ZEN AudioPro e director da produtora Axencia G durante 15 anos, traballou en centos de concertos, circuítos, festivais e producións escénicas tanto arriba como abaixo do escenario.

Como promotor impulsou centos de proxectos sendo Colectivo MAREIRA a súa etiqueta mais recoñecible, consolidándose como un axitador cultural capaz de conectar arte e comunidade. Actualmente dirixe o proxecto CEREBRAL, unha proposta pioneira que fusiona música e neurotecnoloxía, ampliando o seu labor non só como artista, senón como xerador de contextos culturais innovadores.